PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
24 AGO. 2017
Núm. 4032

A Presidencia, logo da solicitude formulada polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 29 de agosto de 2017, ás 12:00 horas, coa seguinte orde do día:

Punto único. Solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

1.1 13755 (10/SCDP-000002)
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Solicitude de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia, para dar explicacións sobre a súa renuncia a defender a tramitación da lei de transferencia de AP-9, rompendo a unanimidade das forzas políticas galegas e o mandato claro da institución parlamentaria.

2. Comparecencia do conselleiro de Sanidade, para dar explicacións das motivacións e liñas estratéxicas do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que foi publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia, o día 2 de agosto do presente ano.

3. Comparecencia do conselleiro de Educación e Cultura, para explicar que vai facer a Xunta de Galicia para evitar que durante o verán, as visitas ao Pazo de Meirás se convertan, por medio da Fundación Francisco Franco, nunha escusa para a apoloxía da ditadura franquista, o odio e o xenocidio.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2017

Presidencia do Parlamento

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 024/08/2017 13:31:20